

Referente en Galicia

e Patrimonio Artístico

A documentación máis antiga do Xardín Botánico – Artístico de Padrón data do ano 1869, por tanto está considerado un dos primeiros xardíns da xeografía española. A parte primitiva, cun esmerado deseño de **estilo francés**, alberga un parterre cheo de curiosas formas xeométricas cargadas de simbolismo acorde aos elementos culturais que lle outorgan a identidade. A parte máis recente, de **estilo inglés**, coas ringleiras de maxestosos plátanos de sombra, garda testemuña do esplendor social padronés doutra época na que os acordos da banda de música soaban nas datas máis especiais. De especial mención é tamén o **enreixado de temática xacobeá** que custodia o Xardín, dotado de icónicos elementos como a vieira e a cruz do Apóstolo.

Cunha extensión de aproximadamente **1 hectárea**, o Xardín preserva arredor de **300 especies**, sendo as máis particulares as cualificadas como **árbores senlleiras**. Baixo esta definición atopamos curiosos exemplos como a Palmeira de Senegal, dúas Secoias Vermellas, a Coroa de Cristo, o Carballo Fastixiado, ou o Castiñeiro de Indias.



Concello de Padrón
Concellería de Turismo



Deputación
DA CORUÑA

galicia



XUNTA
DE GALICIA



Concello de Padrón

Padrón_Turismo
+34 646 593 319
turismo@padron.gal
www.terrasdeiria.com



XARDÍN BOTÁNICO-ARTÍSTICO de Padrón

Xardín Botánico de Padrón

O Xardín Botánico – Artístico de Padrón, **Ben de Interese Cultural (BIC)** (1946), está considerado todo un referente en Galicia grazas á súa relevancia xardinística. Pertence ao **Patrimonio Artístico** dende hai décadas e a temática do seu deseño está **fortemente vinculada á tradición apostólica de Padrón**, “berce do Xacobeo”, chamado así por ser o lugar de desembarque do corpo do apóstolo Santiago. Outro elemento cultural universal latente no Xardín é a **literatura** grazas a diferentes autores como Rosalía de Castro, Camilo José Cela, Macías O Namorado ou Castelao, escritores cuxa alma aínda continúa viva neste lugar. Ademais, a labor **conmemorativa** que cumpre este espazo está presente a través das diversas esculturas, estatuas e árbores homenaxe, elementos únicos que coa súa presenza gardan lembranza da historia máis recente do noso país.



ÁRBORES SENLLEIRAS

Árbores do Catálogo Galego de Árbores Senlleiras:



PALMEIRA DO SENEGAL

Unha das pezas máis emblemáticas do Xardín pola espectacularidade do seu crecemento e morfoloxía. Foi traída de África hai aproximadamente cen anos e segue a ser considerada a formación máis importante dentro dos xardíns españois.



SEQUIOIAS VERMELLAS

As dúas sequoias son os exemplares de maior dimensión do Xardín. Están dedicadas a dous dos nosos ilustres escritores: a Sequoia de Macías O Namorado, na honra do trobador medieval nado en Padrón, e a Sequoia de Rosalía de Castro, na honra da nosa escritora máis universal que, residindo na última etapa da súa vida na casa da Matanza de Padrón (hoxe Casa-Museo de Rosalía de Castro), acudía asiduamente ao Xardín e baixo a sombra da sequoia compuxo algún dos seus poemas.



CARBALLO FASTIXIADO

Curioso exemplar que destaca pola súa magnitude e por ser practicamente o único destas características conservado en Galicia.





COROA DE CRISTO

Especie única en Galicia, atrae a atención dos visitantes pola súa peculiar forma de coroa de espiñas. Está rodeada de misticismo, por iso tamén é chamada a "árbore do amor" (polas súas follas en forma de corazón) ou a "árbore de Xudas" (por ser identificada como a árbore na que este apóstolo se colga tras traizoar a Xesucristo).



CASTIÑEIRO DE INDIAS

Esta é unha árbore moi común nos xardíns galegos, máis este exemplar conta coa particularidade de que medrou libremente sen ser condicionado pola man humana.



Avenida de Compostela (N-550)

Rúa Defensa do Xardín

Avenida da Estación

DISTRIBUCIÓN DO XARDÍN

Alameda
Parterre
Zona de Servizos

ELEMENTOS MONUMENTAIS

1. Monumento a Macías o Namorado
2. Monumento a Castelao
3. Monumento a Ernesto Gende
4. Banco dos Namorados
5. Fonte monumental

ÁRBORES SENLLEIRAS I MONUMENTAIS

6. Castiñeiro de Indias
7. Carpe
8. Árbore do amor (Coroa de Cristo)
9. Xeneibro Chorón (Sombreiro de Copa)
10. Palmeira do Senegal
11. 'T' de Plátanos de Sombra
12. Carballo Fastixiado
13. Sequoia de Rosalía de Castro
14. Sequoia de Macías O Namorado
15. Árbore de Coral

ÁRBORES CONMEMORATIVAS

16. Buxo do Nobel
17. Sasanqua das Xanas
18. Coroa de Espiñas
19. Sagú da comunidade escolar
20. Figueira de Rosalía de Castro
21. Acivro do Pazo de Lens
22. Sabina de Aranda de Duero
23. Oliveira do Sexto Centenario
24. Oliveira do Milenio
25. Palmeira do 11-M
26. Aciñeira de Noirmoutier
27. Carballo do Euro
28. Carballo de Castelao
29. Acivro do Voluntariado

ELEMENTOS MONUMENTAIS



ENREIXADO DE FUNDICIÓN



BANCO DOS NAMORADOS (2011)

Monumento de bronce colocado en lembranza das parellas de namorados de Padrón que adoitaban visitar este recanto do xardín



MONUMENTO A MACÍAS O NAMORADO (1963)

Trobador medieval nado en Padrón. Outorgáronselle 21 poemas do 'Cancionero de Baena', e unha lenda de namorado atrevido da que existen actualmente diversas crónicas.



BUSTO A CASTELAO (1998)

Busto do escritor rianxeiro doado polo pobo de Rianxo.



MONUMENTO A ERNESTO GENDE (1983)

Busto en granito do ilustre mestre e profesor Ernesto Gende Rodríguez. Trátase dunha doazón realizada por parte do seu alumnado en agradecemento á súa dedicación.



FONTE ORNAMENTAL